



lunes, octubre 05, 2015 Juan Ramón

V edición "Letra das Festas". San Froilán 2015

Letra das Festas
San Froilán 2015
Círculo de las Artes
Mércores, 7 de outubro
18.00

LEMBRANZA DE CATÁSTROFES
E DESASTRES NATURAIS
Memoria de terremotos, temporais,
ciclóns, inundacións...

ENTRADA DE BALDE



Contan

Bernardino Pardo Teixeira | Paco Nieto
Antón Grande | Xerardo Pardo de Vera
Ana Vila Montero (da ONG Axunica)

Música

Mini e Mero

Coordinan e presentan

Antonio Reigosa | Isidro Novo
(Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG)



Segundo se comunica dende a [Asociación de Escritores/as en Lingua Galega](#), este mércores 7 de outubro celebrarase a *LETRA DAS FESTAS 2015. Lembranza de catástrofes e desastres naturais*, no Círculo de las Artes de Lugo, con entrada libre até completar aforo.

Coa colaboración da Concellaría de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e a coordinación e presentación de Antonio Reigosa e Isidro Novo, a **Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** organiza a quinta edición desta "revista de literatura oral ao vivo" que sae sempre polo San Froilán, e na que este ano interveñen persoas que rememoran catástrofes e desastres naturais.

Ciclóns como o Hortensia (1984) e o Klaus (2009), terremotos como o de 1997 (que acadou 5'1 de intensidade, tendo o seu epicentro no triángulo Sarria-Triacastela-Becerreá), galernas (como a de 1961, con 83 mortos,

que castigou especialmente Celeiro), así como riadas, inundacións, nevaradas, sarabiadas e tormentas con maior ou menor sona que teñan dado lugar a unha aventura ou vivencia digna de ser contada. Sucesos de aquí e de alá coma os que nos van narrar dalgunhas catástrofes en Nicaragua desde a ONG Axunica.

Participarán:

Bernardino Pardo Teixeira
Paco Nieto
Antón Grande
Xerardo Pardo de Vera
Ana Vila Montero (da ONG Axunica)

Na parte musical interveñen **Mini e Mero**.

Posted in: [Antonio Reigosa Carreiras](#), [Asociación de Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#), [Isidro Novo](#), [Lugo](#)

MEMBRO DA AELG DENDE O ANO 2008



DOCUMENTAL MUIÑOS DO FOLÓN-PICÓN